

Coronavirus, territorio e hábitat en Galicia

Paco Veiga (texto)

pacoveiga@edu.xunta.gal

Toño Abreira (fotografía)

antontacho@gmail.com

Veciños da parroquia da Órrea – A Terra de Miranda

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 46-48



Alguns viñeron para quedar e outros serán efémeros. *Curva de contaxios, paciente cero, euestrés, videochamada, teletraballo, escalada – e desescalada –, confinamento... e coronavirus.* O momento histórico que estamos vivindo provocou a aparición dun monte de neoloxismos entre os que asoma a orela, con fachenda propia, un termo, *infodemia*, que apenas usabamos e que nos lembra que existe unha sorte de enfermidade provocada pola sobreexposición á información – sexa esta

verídica ou non – sobre o que está pasando.

Non se trata só de que os medios de comunicación retirasen da circulación noticias – se as houbo – alleas á propagación e aos efectos do virus senón que, de non optarmos por apagar os nosos receptores de radio e televisión, tivemos a oportunidade de asistir a conferencias de prensa de responsables políticos e sanitarios practicamente cada cuarto de hora. E o feito de non ser quen de desconec-

tarmos daquilo que se nos estaba contando foi provocando que, por puro exercicio mental de supervivencia – as noticias causaban pavor as máis das veces – tamén fôsemos descubriendo mensaxes máis sutís soterradas nos datos da pandemia que ocupaban as portadas. Unha desas mensaxes – en diferentes entregas – está vindo dada polo debate oculto, nun contexto de toma de decisións constante, sobre o territorio.

O *lehendakari* Urkullu foi, nas orixes mesmas da re-centralización da autoridade, quen puxo en evidencia que, antes de poñerse ao choio – que iso era o que tocaba –, dedicara dez segundos da primeira conferencia de presidentes e de presidentas a poñer en cuestión que a *ertzaintza* pasase a depender do mando central estatal *único*. Noutra das entregas – esta xa máis tardía – o *president* Torra deixou caer tamén que lle chamaba a atención a aparente volta á España de 1833 – a división

sión artificial ideada por Javier de Burgos arremedando os departamentos franceses. División esta herdeira, á súa vez, doutros plans previos como o de 1822, por culpa dos cales, pasíño a paso, Galicia foi perdendo parte do seu territorio e deixando de ser unha – *grande*, pero non *libre*– para pasar a ser catro. E, de paso, foi perdendo tamén o poder que – xa só no seu propio abatemento – conservaba para deixar de existir, a pesar de que os provincialistas se

tamén o liberalismo mesmo. E, despois de case dous séculos tentando construír unha realidade territorial diferente, talmente semella que para esta viaxe poucas alforxas facían falta.

Desde a óptica educativa, á fin a que nos ocupa, non só podemos tirar ensinanzas como as que se describiron ata aquí, senón talvez outras incluso máis concluíntes que nos levan a constatar o escaso coñecemento que os nosos gobernantes teñen do territorio que administran. Se ben ao primeiro non quedaba ou-



provincial liberal – en todo este proceso. Pero foi, curiosamente, o presidente Feixó quen chegou máis lonxe. A consideración da provincia como entidade administrativa básica para a toma de decisións é *surrealista*, dixo.

E *surrealista* parece, si. Xa non só desde a perspectiva sanitaria, pois Galicia está dividida en 7 áreas e 14 distritos que respectan ou non os límites provinciais atendendo a uns criterios seguramente discutibles, pero racionais e superadores dunha divi-

empeñasen, mesmo poñendo en xogo a súa vida, no contrario.

O caso é que cando, mediado o mes de maio, esta separata da RGE comeza a prepararse, vivimos aínda baixo a irracional prohibición – baixo pena de multa – de non viaxar por todo o territorio galego, sen entender moi ben que mal faríamos. Non é o neo-liberalismo o culpable de todos os males que estamos padecendo – coa súa falta de escrúpulos para amarear diñeiro sen importar a maneira – senón

tra – *o medo levanta muros e erque bandeiras para nos deter*, di a poeta e cantante portuguesa Mafalda Veiga– que acatar de maneira disciplinada as instrucións que nos daban, fomos quen de ir descubriendo pouco a pouco a filosofía que había detrás das decisións que se estaban tomando. A cuestión non é que esas decisións fosen –talvez dunha maneira comprensible, dadas as circunstancias – moitas veces contraditorias, senón que claramente estaban concibidas



por mentalidades estrita e declaradamente urbanas.

Que sentido ten, senón, que os habitantes – a cada paso menos – da maior parte do territorio galego, o rural, tivesen as mesmas restricións de confinamento ca as persoas residentes na Gran Vía madrileña? Outrosí, que sabe de como vivimos quen toma o concello como entidade-base para calcular se nos xuntamos máis ou menos de 5.000 persoas para podermos facer unhas cousas ou outras nun momento dado? Que papel cumpre – alén dun seguidismo incomprendible e inoperante – un delegado do goberno central que non é quen de lembrar pola Meseta adiante que aquí temos máis da metade das entidades de poboación de todo o Estado, e que xuntarnos por milleiros para nós é ciencia ficción?

E, no entanto, aquí andamos os educadores e as educadoras, coa convicción de que temos que seguir construíndo unha escola con pensamento universal, pero absoluta e radicalmente asentada no territorio, interactuando con el, aprendendo del, axudando a transformalo desde si propio. Seguirémolo facendo a pesar das evidencias – e isto non é sorpresa – de que as máis das veces a escola é iso, unha illa – para ben, pero tamén para mal, entendámonos – que intenta preservar aquilo que entende como *ideal*, fronte ao que acaba tornándose, indolentemente, *real*.

E, no entanto tamén, seguimos soñando cun territorio ordenado dun xeito racional, atendendo a nosa realidade xeográfica, social e económica. Alén dunha estrutura comarcal legalmente regulada con todas as súas consecuencias, aspiramos aínda ao

recoñecemento das parroquias como entidades básicas coas que os galegos e as galegas do rural nos sentimos – ás veces incluso de maneira excluínte – inequivocamente identificados. Iso, se aínda estamos a tempo antes de que esmorezan definitivamente, sen máis esperanza. ■